

70 anos despois. Congreso para o estudo da cultura do exilio republicano

Begoña REGUEIRO

bregueiro@filol.ucm.es

O 1 de abril de 1939 remata a Guerra Civil española e unha das consecuencias da vitoria do bando nacional é o exilio masivo de moitos dos máis egressos intelectuais de España e, polo tanto, de Galicia.

Hoxe, neste ano de 2009 cómprene 30 anos daquillo e as conmemoracións e congresos organizados polo Grupo de Estudios del Exilio Literario (GEXEL) multiplicánsen en todos os puntos da península (Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Cantabria, Castellón, Castilla-La Mancha, Castilla-León, Cataluña, Madrid, Murcia...). Galicia non podía ser menos, e xuntou algúns dos seus mellores especialistas para conmemorar tan determinante feito no Congreso “70 anos despois. Congreso para o estudo da cultura do exilio republicano”, celebrado os días 12, 13 e 14 de marzo no marco incomparable do Pazo de Mariñán, en Bergondo (A Coruña). Congreso coa clara conciencia de que “Setenta anos despois do inicio do exilio republicano, a sociedade democrática ten a obriga moral de facer unha reflexión cívica e intelectual sobre o labor realizado polos exiliados en moi distintos países” e cunha dimensión multidisciplinar na pretensión de dar “un novo pulo á investigación sobre diferentes aspectos da obra intelectual do exilio”.

O congreso, organizado por Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos, Isaac Díaz Pardo, Gregorio Ferreiro Fente e Charo Portela Yáñez, inaugurouse o xoves 12 de marzo ás 9:45 da mañá, abrindo a serie de conferencias cun ciclo dedicado ao teatro no exilio.

A Conferencia inaugural correu a cargo de Manuel Aznar Soler co tema “El tema del exilio en la obra literaria de Max Aub”, á que seguiu unha mesa redonda coordinada por Inma López Silva coa participación de Manuel F. Vieites, Damián Villalaín e Juan Antonio Hormigón.

A sesión da tarde, con comezo ás 16:15, estivo dedicada á prensa e á edición no exilio. Neste caso, a conferencia inaugural foi dictada por Fernando Salgado (“A prensa do exilio”) e, a

mesa redonda, coordinada por X. L. Axeitos e Gregorio Ferreiro, contou coa participación de Mario Martín.

Como peche do día, M. Aznar, I. Díaz Pardo e José Esteban presentaron “O proxecto editorial *La Biblioteca del Exilio*”.

Rematadas as sesións celebradas no Pazo, os participantes que así o desexaron puideron coller o autobús proporcionado pola organización do Congreso para asistir á sesión do ciclo *Cine e Exilio*, no CGAI, (A Coruña). O ciclo, celebrado durante toda a semá ofreceu o xoves a proxección de “Guernica” e “Las damas del bosque de Bolonia”.

Nos chegamos dende Madrid ao Pazo de Mariñán o venres 13 de marzo. A sesión da mañá dedicouse “As artes plásticas no exilio”. Tras de unha interesante conferencia a cargo de Antonio Garrido Moreno, verbo de “Luís Seoane e o exilio artístico”, a mesa redonda con Pilar González Lamela, Rodrigo Gutiérrez Viñuelas, Violeta González Forte, J. Manuel López Vázquez e Javier Pérez Buján foi, asimesmo, de enorme interese e riqueza. Nela, Pilar Lamela, por exemplo, falou do exilio dominicano de Compostela, Botello e Granell, do que escoitamos tamén falar a Violeta González Fortes, chegando a conclusión de que o artista —ao que costou moito adquirir o recoñecemento de volta a España—, en realidade evolucionou de acordo coas tendencias americanas e non pode ser considerado “español” en canto ás características da súa arte se refire. Especialmente brillante foi a contribución de Manuel López Vázquez, que, cun texto titulado “O exilio interior: tiempos de autarquía” realizou un percorrido pola pintura e arquitectura galega dos momentos inmediatamente anteriores á guerra, coas filiations e significacións de cada unha das tendencias, para a continuación, ver o xeito no que as tendencias cambiaron despois da guerra, e fixeron dunha pintura figurativa e considerada “tradicional” unha arma en contra do *status quo* e da arte proposta polo Régime, tendente á abstrac-

ción para dar unha imaxe de modernidade de cara ao exterior e evitar os nacionalismos.

A sesión da tarde tivo lugar no CGAI, perfeito lugar para acoller as conferencias verbo do “Cine do exilio”. A conferencia foi dedicada agora ao cineasta Carlos Velo, feita por Antonio Garrido Moreno, que apoió a súa ponencia coa prexección dalgunhas das mellores e máis significativas imaxes do director, na súa vertente de cine experimental e innovador, como *Pedro Páramo*. A imaxe mantivo o protagonismo ao longo da mesa redonda “O ollar contemporáneo sobre as

filmacións en torno ao exilio”, coordinada por Margarida Ledo Andión na que falaron J.L. Castro de Paz e X. Nogueira.

No ciclo de “Cine e exilio”, como peche do día, reproducíronse as curtametraxes “La ciudad y el campo”, “Homenaje a León Felipe” e “Entrevista a Carlos Velo”.

De volta ao pazo de Mariñán, a mañá do sábado 14 de marzo foi ocupada pola sesión dedicada a “Ciencia e investigación”. Para inaugurar o día, Emilio Grandío presentou “O proxecto de Investigación As vítimas, os nomes e as voces”.

COMITÉ ORGANIZADOR:
Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos, Isaac Díaz Pardo, Gregorio Ferreiro Fente e Charo Portela Yáñez

ENTIDADES COLABORADORAS:
Secretaría Xeral de Comunicación
Deputación da Coruña
Centro Galego das Artes da Imaxe
Instituto Galego de Información
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Información sobre o Congreso:
70anosdespois2008@hotmail.es

Habrá servizo de autobuses desde Santiago e A Coruña ao Pazo de Mariñán

A inscrición formalizase enviando un correo electrónico ó enderezo 70anosdespois2008@hotmail.es no que se fará constar nome, apelidos, DNI, enderezo electrónico e postal e teléfono.

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

DEPUTACIÓN
www.dgcoruna.es

CGAI CENTRO GALLEGO DE ARTES DA IMAXE

XUNTR DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Na mesa xunta dél, Carlos Etchevarría, representante do Ateneo Republicano de Galicia, falou de “O Ateneo Republicano de Galicia e o exilio” e fixo da súa intervención un dos momentos más fortes, interesantes e intensos da mañán, ao dar testemuño da mirada ampla da cultura política republicana.

A continuación, os relatorios libres de Carmen Vázquez Arce, filla de Compostela, Esperanza Mariño e Xaime Varela, falando do escultor Compostela, do epistolario de R. Suárez Picallo e C. Alvajar, e do escritor Veremundo González Rodríguez, Alejandro del Valle por pseudónimo, respectivamente.

E, para o remate, como culminación do día e do congreso, a conferencia de clausura de Xesús Alonso Montero. Nesta ocasión o catedrático falou de “Aníbal Otero e a lingüística galega no exilio” e, coma sempre, da man da materia central do relatorio viña esa dose de erudición e esa baga-

xe de coñecementos aos que o profesor Alonso Montero nos ten acostumados.

Despois deste fin de festa, pouco máis que engadir. Só recoller as cousas, despedirnos con mágoa de Mariñán e volver a Madrid, coa imaxe teatral, pictórica, escultórica, cinematográfica e científica dunha das épocas más duras da recente historia española, a época da saudade para todos os exiliados, exteriores e interiores. No nos o camiño de volta, cada vez máis forte, o convencemento de que levaremos a cabo o proxecto no que nos embarcou a profesora Carmen Mejía adicado ao estudo da obra de Ramón de Valenzuela e no que estamos implicadas ademais da profesora Carmen Mejía, a profesora M.^a Victoria Navas, a profesora Asunción Canal, M.^a Xesús Piñeiro e mais eu. Este Congreso foi un impulso para pórmoros mans á obra e recuperar a Ramón de Valenzuela, un dos nosos exiliados.